



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 30/12/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os nosos barrios e parroquias están cheos de valados publicitarios de obras públicas, moitos deles presentes a pesar de que as obras remataron hai anos e unha gran parte deles moi deteriorados.

Esta situación agravouse coas obras do Plan E, onde os pregos de condición de adxudicación das obras, esixían a colocación dun cartel de enormes dimensións aínda que os traballos a executar fosen un sinxelo cambio dunha instalación eléctrica. Estes, sumados aos que quedan aínda das obras de Deputación, Fomento, Medio Ambiente, ou mesmo do desfasado Plan Galicia do goberno Aznar dá como resultado un entorno, infestado de rechamantes valados, moitos deles derruídos a causa das inclemencias atmosféricas e convertidos en auténtica chatarra coa conseguinte contaminación visual que producen.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. O Concello de Vilaboa procederá a retirar os valados publicitarios das obras xa rematadas que sexan da súa competencia.

Segundo. No caso de non ser obras da súa competencia, o Concello de Vilaboa dirixirase ás demais administracións ou empresas adxudicatarias das obras para que retiren os valados.

Vilaboa, 23 de decembro de 2009.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA